Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**ACTA SEGUNDA DO TRIBUNAL**

| | |
|---|---|
| Data: | Día 16/12/2024, ás 10:00 horas |
| Proceso: | OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021)<br>Proceso selectivo de persoal laboral fixo, por concurso, para a praza de **Técnico/a Animación Física/Deportiva (5115)** |
| Expediente: | 2022/E001/000042 |

No día e hora indicados, reúnense no Concello de Lousame, os seguintes membros do Tribunal Cualificador, designado para o proceso selectivo referenciado (Resolución de Alcaldía núm. 639 do 10.10.2024):

1. Presidente: José Martínez Redondo
2. Vogal 2ª: Arturo Barreiro Tubío
3. Vogal 3ª: José Manuel Outeiral Castro
4. Secretaria: Mª Montserrat Arufe Lamas

Ausentase a Vogal 1ª Mónica Castaño Ourille.

**Antecedentes:**

**Primeiro:** A relación definitiva de aspirantes admitidos/excluídos é a seguinte (Resolución de Alcaldía núm. 639/2024 do 10/10/2024):

| 2022/E001/000042 | Técnico/a animación física/deportiva (5115) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Apelidos e Nome | Anexo I | DNI | CELGA | Titulación | Méritos | Taxa | Admisión Provisional |
| Boado Carollo, Antonio | Si | ***3059** | Si | Si | Si | Si | Si |
| Sánchez Fernández, Diego | Si | ***1078** | Si | Si | Si | Si | Si |
| Castiñeiras Becerra, David | Si | ***4732** | Si | Si | Si | Si | Si |
| Agra Romero, Nestor | Si | ***3423** | Si | Si | Si | Si | Si |

**Segundo**: O Tribunal Cualificador, procedeu á baremación dos méritos achegados polos aspirantes, segundo o regulado nas Bases Xerais número 9 (Sistemas de selección e desenvolvemento dos procesos), número 10 (Acreditación do coñecemento da lingua galega), número 11 (Relación de persoas propostas para a obtención dunha praza) e número 12 (Criterios de desempate).

CVD: xv33j65S3yyI8y/KeUvJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O resultado é o seguinte:

| Orde | Apelidos e Nome | Experiencia profesional | Formación | Total |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Romero Agra, Nestor | 60 | 40 | 100,00 |
| 2 | Castiñeiras Becerra, Savid | 40 | 40 | 80,00 |
| 3 | Sánchez Fernández, Diego | 1,20 | 40 | 41,20 |
| 4 | Boado Carollo, Antonio | 0 | 40 | 40,00 |

**Terceiro:** Tal e como preceptúa a Base Xeral núm. 11.1, rematada a valoración dos méritos debe publicarse na sede electrónica a puntuación provisional que acadou cada aspirante na fase de concurso. Os aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles para formular alegacións.

Dito anuncio foi publicado na sede electrónica do Concello de Lousame, tal e como se indica:

**Anuncio**
Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Lousame
Data: 27/11/24 13:30:10

Exposición: 27/11/24 13:30:09 a ...

**Anuncio**
Secretaría/Deportes

**Acta 1ª tribunal OEP Extraordinaria: Técnico/a Animación Física e Deportiva**

**Información:**

EXP: 2022/E001/000042

**Anexos**
**Nombre:** 1 Acta 1 TÉCNICO Animación físico deportiva.doc
**Hash:** (SHA-512) KLIlbdTynRbwhfleKihB5u5PBR44j7I2DDiJoqw68zcMGrMDQKaSLkVei6gLWgjzj4EZ5gZPpWwgQhHk0ilO2w==
**Url:** https://sede.lousame.es/sxc/recursos/downloads/Tablon/2024/ANUNCIO_PROG_20241127133009646_ANEXO_1732710609-0.pdf

**Cuarto:** Consta incorporado ao expediente Dilixencia acreditativa (do 13/12/2024) da existencia de alegacións durante o período de información pública (do 27/11/2024 ao 12/12/2024):

| | |
|---|---|
| Expediente TEDeC | 2022/E001/000042 |
| Asunto | OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021)<br>Proceso selectivo de persoal laboral fixo, por concurso, para a praza de **Técnico/a Animación Física/Deportiva (5115)** |
| Período de información pública: | 27/11/2024 ó 12/12/2024 |
| ALEGACIÓNS | Si:<br>02/12/2024. Agra Romero, Nestor |

**Quinto:** O candidato Nestor Agra Romero na súa alegación expón:

<<Que fun admitido na relación definitiva de aspirantes no proceso selectivo de persoal laboral fixo, por concurso, para a praza de Técnico/a de animación física deportiva.

CVD: xv33j65S3yyI8y/KeUvJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Posteriormente, o tribunal cualificador realizou as baremacións dos candidatos, saíndo publicada a acta o pasado 27/11/2024. Unha vez realizada a comprobación de ditas valoracións observo, no apartado de formación, en titulacións académicas, que se tivo en conta unha titulación, pero non se tivo en conta nin se valorou outra titulación aportada no seu momento, a de técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas.>>

E solicita:

<<Que se teña en conta esta titulación na baremación>>

Débese ter en conta que en data 02/05/2024 ditouse pola Alcaldía resolución núm. 267/2024 na que se resolvía:

> <<**Primeiro:** Modificar as Bases Xerais e Específicas que rexen a convocatoria e o proceso selectivo correspondente para a cobertura da praza de "Técnico/a Animación Física/Deportiva", aprobadas por Resolución de Alcaldía 701/2022 do 05/12/2022, do xeito que se indica:

**BASE 2: ÁMBITO DE APLICACIÓN**

Onde dicía:

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Animador/a Deportivo/a | Laboral | 1 | IV: C2 | Completa | 5115 | Libre/ Concurso (DA 6ª Lei 20/2021) |

Queda modificado do seguinte xeito:

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *Técnico/a Animación Física/Deportiva* | Laboral | 1 | X: B | Completa | 5115 | Libre/ Concurso (DA 6ª Lei 20/2021) |

**BASE 6: DEREITOS DE EXAME**

Onde dicía:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Animador/a Deportivo/a | 1 | IV: C2 | 5115 | 10,00 € |

Queda modificado do seguinte xeito:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| *Técnico/a Animación Física/Deportiva* | 1 | X: B | 5115 | 15,00 € |

**ANEXO XV**

Queda modificado do seguinte xeito:

**BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN: TÉCNICO/A ANIMACIÓN FÍSICA/DEPORTIVA**

**Base Primeira: Identificación da praza obxecto de convocatoria.**

| Denominación | Natureza | Número | Grupo/ Subgrupo | Xornada | Código RPT | Quenda/Provisión |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Técnico/a | Laboral | 1 | X: B | Complet | 5115 | Libre/ Concurso |

CVD: xv33j65S3yyI8y/KeUvJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Animación Física/Deportiva | | | | a | | |

**Base Segunda: Normas xerais.**

É obxecto das presentes bases a regulación dos aspectos específicos da convocatoria e proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante o procedemento de estabilización de emprego temporal da Disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, dentro do marco xeral de execución da Oferta Pública de Emprego Extraordinaria, aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 267 de data 23/05/2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 99 do 26/05/2022; así como a súa modificación, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do día 18/04/2024

**Base Terceira: Funcións. Retribucións**

As reguladas na Relación de Postos do Traballo do Concello de Lousame.

**Base Cuarta: Requisitos das persoas aspirantes**

As persoas aspirantes reunirán, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, a maiores do establecido nas Bases Xerais, os seguintes requisitos:

Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de presentación de instancias) do título de Técnico Superior Animación de Actividades Físicas e Deportivas, Técnico Superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite a homologación.

Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do título CELGA 3 ou equivalente segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

**Base Quinta: Valoración de méritos na fase de concurso**

Aplicarase a Baremación Xeral regulada na Base núm. 9 das Bases Xerais.

**Segundo:** Como consecuencia destas modificacións, concédese un novo prazo adicional de presentación de instancias á convocatoria orixinaria, de 20 días naturais, contados a partir da publicación do anuncio da presente resolución no Boletín Oficial do Estado.
**Terceiro:** Notificar a presente Resolución aos aspirantes presentados tras a convocatoria orixinaria, requiríndolle que abonen a diferenza (5,00 €) en relación á Taxa por Dereitos de Exame, e advertíndolle que no suposto de non facelo aplicaranse o regulado na Base 6.5:
*Non se admitirá o pagamento da taxa fóra do prazo de presentación de solicitudes. A falla de pagamento da taxa no prazo anterior, determinará a inadmisión do aspirante nas probas selectivas, de tal xeito que xa non se terá en conta a súa solicitude para a formación da listaxe provisional de admitidos e excluídos.*

CVD: xv33j65S3yyI8y/KeUvJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O prazo para abonar a diferenza (5,00 €) en relación á Taxa por Dereitos de Exame, será dende o día seguinte ao da notificación desta resolución até a finalización do novo prazo adicional de presentación de instancias á convocatoria orixinaria.

**Cuarto:** Publicar anuncio desta Resolución na sede electrónica municipal, no BOP, no DOG e BOE; e dar conta ao Pleno Corporativo na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.>>

Visto o anterior **DESESTIMASE A ALEGACIÓN FORMULADA** posto que o título de técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas é un requisito para o acceso ao posto, e polo tanto non pode ser valorado no apartado de formación.

**Sexto:** A Base Xeral núm. 11.2, 11.3 e 11.4 indica:

*2. Finalizado o trámite anterior, e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal efectuará a proposta das persoas aspirantes para a obtención das prazas obxecto de estabilización. O Tribunal non poderá aprobar a ningunha persoa aspirante que non acade unha puntuación mínima de 30 puntos no concurso de méritos. O Tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas. Calquera proposta do Tribunal que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.*
*3. Se algunha persoa proposta non acreditou o coñecemento da lingua galega, terá lugar a proba de coñecemento da lingua galega, tal e como se regula na Base núm. 10.*
*4. Finalizada a fase de concurso, aplicados (de ser necesarios) os criterios de desempate e realizada (no seu caso) a proba do coñecemento da lingua galega o Tribunal efectuará á Alcaldía a proposta definitiva das persoas aspirantes para a obtención das prazas obxecto de estabilización. Esta proposta definitiva será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Lousame.*

**Sétimo:** A Base Xeral número 13, sinala:

*"Co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 , do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Tribunal para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas, por orde de puntuación. No caso de darse estes supostos, outorgarase un novo prazo de 20 días naturais, para que o seguinte aspirante por orde de puntuación achegue a documentación correspondente para proceder ao nomeamento ou contratación"*

**Á vista do anterior, o Tribunal Cualificador por unanimidade dos membros presentes**, **ACORDA**:

**PRIMEIRO:** Propoñer á Alcaldía, de xeito definitivo, ao seguinte aspirante, para obter a praza obxecto de estabilización neste proceso selectivo:

| Orde | Aspirante | Experiencia Profesional | Formación | Total Concurso |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Romero Agra, Nestor | 60 | 40 | 100,00 |

**SEGUNDO:** A Relación Complementaria de persoas aspirantes que siguen á proposta para obter a praza, no caso de que se dean os supostos contemplados na Base Xeral núm. 13 é:

| Orde | Aspirante | Experiencia Profesional | Formación | Total Concurso |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Castiñeiras Becerra, David | 40 | 40 | 80,00 |
| 2 | Sánchez Fernández, Diego | 1,20 | 40 | 41,20 |

CVD: xv33j65S3yyI8y/KeUvJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 3 | Boado Carollo, Antonio | 0 | 40 | 40,00 |

**TERCEIRO:** Publicar estes acordos na Sede Electrónica do Concello.

E non habendo outros asuntos que tratar, levántase a sesión, ás 11:30 horas, estendéndose a presente Acta, que en proba de conformidade, asina electronicamente cada membro do Tribunal.

| Membro | Identidade |
|---|---|
| Presidencia | José Martínez Redondo. Funcionario A1. Concello de Lousame. |
| Vogal | Arturo Barreiro Tubío. Persoal Laboral Fixo (A2) Concello de Lousame. |
| Vogal | José Manuel Outeiral Castro. Persoal Laboral Fixo (A2) Concello de Lousame |
| Secretaría | Mª Montserrat Arufe lamas. Funcionaria (C1) Concello de Lousame. |

CVD: xv33j65S3yyI8y/KeUvJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.